



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

SABADO, 28 DE MARZO DE 2020

N.º 072

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### LÁNCARA

*Anuncio*

#### Información pública

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 11 de marzo de 2020 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 3/2020, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 73.700,00 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 13 de marzo de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0670

### XERMADE

*Anuncio*

#### CREACIÓN DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS.

Consonante ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno local no Concello de Xermade, cos membros e periodicidade que se designen na correspondente Resolución da Alcaldía, da que se dará conta no seguinte Pleno.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

1º. O exercicio das acción xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

2º. A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

3º. A aprobación de proxectos de obras e servizos, nos termos do artigo 22.2. ñ da Lei 7/1985 de 2 de abril.

4º. Da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP: as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmóbiles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP.

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ao presente acordo.

TERCEIRO.- Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 31 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas

R. 0671

## XOVE

### Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2020-0192 POLA QUE SE DA CONTINUIDADE AO PERÍODO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICO DE 2020 LOGO DA PUBLICACIÓN DO RD 465/2020, DE 17 DE MARZO, POLO QUE SE MODIFICA O RD 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISIS SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove (Lugo), no uso das facultades que me son conferidas pola lexislación de réxime local,

Por acordo plenario de data 21 de febreiro de 2020 prestouse aprobación inicial ao Orzamento Municipal para o exercicio de 2020. O anuncio de aprobación inicial publicouse no B.O.P. núm. 50 de 2 de marzo, rematando o período de exposición o día 24 de marzo, procedéndose, no caso de non existir reclamacións, á aprobación definitiva do mesmo e ápublicación íntegra dos seus Estados de Gastos e Ingresos así como da Plantilla de Personal.

Non obstante, con data 14 de marzo publicouse o RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recolle na súa D.A. 3ª a suspensión de términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do Sector Público, reanudándose no momento no que perda a vixencia o Real Decreto, ou no seu caso, as prórrogas do mesmo. Asimesmo, o apartado segundo da citada Disposición Adicional Tercera sinala que a suspensión de términos e a interrupción de prazos se aplicará a todo o sector público definido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, afectando polo tanto ás entidades locais.

Posteriormente, mediante RD 465/2020, de 17 de marzo modificouse esta Disposición Adicional no seu apartado 4 e engadíndose dous novos apartados quedando redactada do seguinte xeito:

*«4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.»*

*«5. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los procedimientos administrativos en los ámbitos de la afiliación, la liquidación y la cotización de la Seguridad Social.»*

*«6. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos administrativos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los plazos tributarios, sujetos a normativa especial, ni afectará, en particular, a los plazos para la presentación de declaraciones y autoliquidaciones tributarias.»*

Tendo en conta que o RD 463/2020, mantén que cada administración poda conservar as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos servizos para adoptar as medidas que estima precisas no marco das ordes directas da autoridade competente, e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5 do citado RD.

Visto todo canto antecede, esta Alcaldía, órgano competente para a aprobación definitiva do Orzamento Municipal no caso de non existencia de reclamacións contra o mesmo e facendo uso da competencia atribuída polo artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local para adoptar personalmente e baixo a súa responsabilidade en caso de catástrofe ou de infortunios públicos as medidas necesarias e adecuadas dando conta ao Pleno,

Sopesando, por un lado, a merma dos dereitos dos interesados que, debido á situación de "confinamento" a que se ven sometidos, non poideran presentar nos prazos abertos pola Administración as súas alegacións se non contasen coa sinatura dixital xa que o impedimento para sair e poder rexistar presencialmente as súas solicitudes faría que quedasen fóra de ditos procesos; e polo outro, que o Orzamento Municipal actualmente en vigor, prorrogado de 2019 non da cobertura suficiente para fazer fronte a gastos nos que se debe incurrir para continuar garantindo a prestación de servicios públicos básicos, e tendo en conta que o orzamento municipal foi aprobado sen ningún voto en contra (7 votos favorables e 4 abstencións), en aras do interese xeral e tentando evitar a merma na prestación dos servizos públicos,

**RESOLVO**

ÚNICO.- A continuación da exposición pública do Orzamento Municipal para o exercicio de 2020, cuxo periodo se iniciou o 2 de marzo de 2020.

Tendo en conta que o RD 463/2020, de 14 e marzo foi publicado con esa mesma data no B.O.E. a falta de 6 días hábiles de expirar o perido de exposición ao público do Orzamento Municipal, dito Orzamento manterá a súa exposición ao público durante 6 días más rematando ao sexto día hábil seguinte ao da publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Déase publicidade desta Resolución mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica Municipal. Déase asimismo conta ao Pleno Municipal na próxima sesión que se celebre.

Xove, 23 de marzo de 2020.- O Alcalde.- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0672

---